

REGULAMENTO DO XIX CONGRESO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR DE PONTEVEDRA



DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1º Convocatoria do Congreso

De conformidade co establecido nos artigos 30 e seguintes dos Estatutos Nacionais do Partido Popular, nos artigos 17 e seguintes do Regulamento de Organización do PPdeG e no artigo 11 do Regulamento de funcionamento dos órganos colexiados do Partido Popular para a súa celebración en forma telemática ou mixta, e segundo o acordo adoptado o 8 de xuño por Xunta Directiva Provincial de Pontevedra, convócase o XIX Congreso Provincial do Partido Popular de Pontevedra, que terá lugar o día 9 de xullo de 2022 na cidade de Vigo.

En función da situación sanitaria e as consecuentes restricións de aforo, a Comisión Organizadora, por delegación expresa da Xunta Directiva Provincial de Pontevedra, poderá determinar a súa celebración de forma exclusivamente telemática ou en forma mixta (telemática e presencial), así como adoptar, de forma motivada, todas aquelas medidas ou acordos que consideren necesarios para preservar a seguridade e saúde dos afiliados.

Artigo 2º Comisión Organizadora do Congreso

Encoméndase á Comisión Organizadora, nomeada pola Xunta Directiva Provincial de Pontevedra, o impulso, coordinación e dirección de todos os aspectos organizativos do Congreso.

Tamén lle corresponde garantir a transparencia do proceso electoral, así como velar pola igualdade de dereitos de todos os afiliados e polo respecto á legalidade vixente en materia de protección de datos.

Así mesmo, garantizará a todos os candidatos a igualdade de oportunidades e asegurará a neutralidade da organización do partido.

Calquera acto de propaganda electoral que se pretenda levar a cabo realizarase, en condicións de igualdade, a través dos servizos do propio Partido.

Ademais, ante a situación excepcional deri-

vada da pandemia do COVID-19 habilitaselle expresamente para a adopción daqueles protocolos e medidas que se estimen necesarios para evitar ou reducir a presenza simultánea dun número elevado de afiliados nun mesmo acto ou reunión. No exercicio das súas funcións, a Comisión Organizadora priorizará, nas súas relacións cos afiliados e órganos do partido, a comunicación e distribución de documentación de forma telemática.

Os órganos territoriais no seu ámbito poranse a disposición da Comisión Organizadora, ao obxecto de facilitar os medios humanos e materiais necesarios para o desenvolvemento dos traballos.

Artigo 3º Competencias do Congreso

De conformidade co establecido nos artigos 30 e 34 dos Estatutos Nacionais do Partido Popular, o Congreso é o órgano supremo do partido e, en relación co seu ámbito territorial de competencia, ostenta as seguintes facultades:

- a) Aprobar ou censurar, no seu caso, a actuación desenvolvida desde o anterior Congreso ordinario polo Comité Executivo e pola Xunta Directiva correspondente.
- b) Aprobar ou modificar a normativa regulamentaria e organizativa propia do seu ámbito territorial sen poder alterar o conxunto de normas de rango superior.
- c) Coñecer as contas do Partido relativas á organización territorial sobre a que o Congreso proxecta a súa competencia. Configurar as normas políticas básicas para a dirección del Partido en su ámbito territorial específico.
- d) Debater e adoptar cuantos documentos enriquezan o pensamento político do Partido Popular, definan a súa oferta electoral ou afecten á estratexia e xestión do Partido.
- e) Elección da Presidencia do Partido, dos vogais do Comité Executivo e da Xunta Directiva, no caso do Congreso Nacional.

Artigo 4º Regulamento do Congreso

Todo o relativo á organización e funcionamento do XIX Congreso Provincial do PP de Pontevedra rexeráse polo presente regulamento.

As dúbidas que poidan presentarse na interpretación do regulamento serán resoltas pola Comisión Organizadora ata o momento da constitución da Mesa do Congreso. Durante a celebración do Congreso, dita tarefa será competencia exclusiva da mesa.

TÍTULO PRIMEIRO

DA ORGANIZACIÓN DO CONGRESO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR DE PONTEVEDRA

Capítulo I

DA COMPOSICIÓN DOS CONGRESOS

Artigo 5º Composición do Congreso

O Pleno do Congreso estará constituído por compromisarios.

Artigo 6º Compromisarios

De conformidade co artigo 12.1 do Regulamento Marco de Congresos son compromisarios:

- a) Natos: todos os membros da Xunta Directiva Provincial do Partido Popular de Pontevedra e os membros da Comisión Organizadora do Congreso.
- b) Electos: aqueles designados polas organizacións locais, en asembleas convocadas ao efecto e un número de 535 atendendo a unha repartición local, segundo o seguinte criterio: outórgase ao nivel de afiliación local un 75% e á porcentaxe de votos obtidos nesas circunscricións nas pasadas eleccións ao Parlamento de Galicia un 25%.

- c) Novas Xeracións: terá unha representación proporcional ao seu número de afiliados, e serán elixidos no seo da súa organización en función exclusivamente do nivel de afiliación. O número total de compromisarios de Novas Xeracións é de 17.

A distribución de compromisarios electos farase pola Xunta Directiva Provincial ou, no seu caso, pola Comisión Organizadora do Congreso, outorgándolles ao nivel de afiliación local un 75% e á porcentaxe de votos obtidos neses municipios nas pasadas eleccións ao Parlamento de Galicia un 25%.

Co obxectivo da máxima descentralización, repartiranse os compromisarios entre todos os municipios que teñan organización local e porcentaxe de afiliación suficiente para obter un compromisario como mínimo.

Tan só poderán agruparse para a repartición de compromisarios e celebración de asembleas de elección dos mesmo aqueles municipios que por si sós non alcancen a proporción necesaria para obter un compromisario. O criterio para formar estas agrupacións será comarcal, por razóns de proximidade xeográfica e respectando o obxectivo da máxima descentralización.

Artigo 7º Requisitos para participar en proceso congregual

Para participar no proceso electoral (ser elector e elixible nas asembleas de elección de compromisarios e de votación dos precandidatos) será necesario ter a condición plena de afiliados na data na que se acorde a convocatoria do Congreso pola Xunta Directiva, non ser suspendido de afiliación, inscribirse cumprimentando o correspondente formulario de inscrición de elector e estar ao corrente das cotas.

Os afiliados con máis de un ano de antigüidade deberán estar ao corrente de, polo menos, as cotas desde o último Congreso Provincial do PP de Pontevedra. Se a afiliación tivese lugar con posterioridade ao devandito

Congreso, será necesario estar ao corrente de pago desde a data de afiliación.

O formulario de inscrición de elector estará dispoñible tanto en formato físico nas sedes do Partido Popular como en versión electrónica na páxina web do PP da Provincia de Pontevedra e deberá ser entregado antes das 14 horas do día 23 de xuño. No formulario deberá aparecer, polo menos, o nome, apelidos, DNI, teléfono móbil, dirección de correo electrónico, sede na que está afiliado e sinatura da persoa solicitante. Tamén deberá conter as estipulacións para que os inscritos consintan a utilización e cesión dos seus datos aos efectos de celebración do Congreso.

Para ser candidato nas eleccións a compromisario, os afiliados previamente inscritos como electores deben cumprimentar e entregar o formulario de inscrición de compromisario antes das 14 horas do día 24 de xuño. Este formulario tamén estará dispoñible en formato físico nas sedes do Partido Popular e en versión electrónica na páxina web do PP da Provincia de Pontevedra.

Os compromisarios natos estarán automaticamente inscritos en proceso congresual.

Artigo 8º Dereitos do compromisario

A condición de compromisario é persoal e intransferible.

Os compromisarios teñen dereito a voz e voto, participando nas decisións do Congreso e na elección dos órganos correspondentes. Non estarán suxeitos a mandato imperativo.

Cada compromisario terá unha credencial acreditativa da súa condición, expedida pola Comisión Organizadora do Congreso.

Capítulo II

DA ELECCIÓN DOS COMPROMISARIOS E DOS CANDIDATOS A PRESIDENTE

Artigo 9º Convocatoria das asembleas

Unha vez aprobado o número de compromisarios correspondentes a cada municipio, a elección dos compromisarios farase en asembleas locais convocadas para ese efecto polo Presidente do C.O.C, cunha antelación mínima de 15 días á data da súa celebración.

A convocatoria deberá indicar o lugar, data e hora do comezo da asemblea, a súa forma de celebración (presencial, telemática ou mixta) que será determinadas pola Comisión Organizadora, a duración do período de votación, que non poderá ser superior a 6 horas, o número de compromisarios a elixir e as bases para a presentación de candidaturas a compromisario, así como para a constitución das mesas electorais.

Sen prexuízo da comunicación persoal de cada organización territorial dirixa aos correos electrónicos dos afiliados inscritos, serán válidas e terán plenos efectos as convocatorias publicadas no portal web do PP da Provincia de Pontevedra.

Artigo 10º Data das asembleas

Todas as asembleas locais celebraranse o día 30 de xuño e coas mesmas horas de inicio e finalización. As excepcións a esta norma deberán ser xustificadas e autorizadas previamente pola Comisión Organizadora do Congreso.

Artigo 11º Mesa das asembleas

Nas asembleas para a elección de compromisarios constituirase unha mesa composta de presidente, secretario e vocal, designados polo Comité Local.

Á súa vez, a Comisión Organizadora poderá designar un observador para que asista á correspondente asemblea local co obxecto de velar polo cumprimento das normas contidas neste regulamento e pola pureza democrática do proceso.

Devanditos observadores emitirán un informe por escrito dos incidentes á Comisión Organizadora.

Artigo 12º Presentación de candidaturas e elección de compromisarios

A elección de compromisarios en cada asemblea farase en lista aberta. Poderá presentarse como candidato a compromisario calquera afiliado previamente inscrito que o solicite ante o correspondente Comité Local ou Sede Provincial, até o día 24 de xuño.

Para presentar candidatura basta coa firma, podendo nomear un interventor para o acto da elección, que se incorporará á mesa constituída ao efecto.

A elección de compromisarios e de precandidatos á presidencia do partido farase mediante votación secreta.

Artigo 13º Papeletas de elección de compromisarios e de candidatos a presidente

Cada Comité Local confeccionará o modelo de papeleta, ordenando alfabeticamente os candidatos a compromisarios, sorteando o primeiro, e facilitándoos a calquera afiliados inscrito que teña dereito a voto, polo menos 24 horas antes da celebración da correspondente asemblea.

Así mesmo, o Comité Local porá a disposición dos afiliados inscritos un modelo de papeleta para a elección dos candidatos a presidente.

Artigo 14º Limitacións na xornada electoral

Queda prohibido facer campaña durante a xornada electoral ou distribuír papeletas

previamente sinaladas no interior do recinto en que se celebren as votacións, podendo precisar a Mesa Electoral os límites da prohibición.

Artigo 15º Votacións

O día da votación estableceranse dúas urnas. Nunha delas prestarase apoio directo aos precandidatos á presidencia do partido. Na outra urna realizarase a votación dos candidatos a compromisarios cuxa votación se fará marcando cunha cruz aos candidatos en número non superior aos elixibles.

Resultarán electos aqueles compromisarios que obteñan máis votos dentro do número asignado a cada colexio. No caso de que o número de candidatos a elixir coincida co número de compromisarios que corresponda, quedarán automaticamente designados, sen necesidade de votación.

Artigo 16º Acta de escrutinios

Cada mesa levantará acta dos resultados dos escrutinios. Dita acta deberá remitirse o máis axiña posible ao respectivo secretario provincial, xunto co resultado das votacións dos precandidatos e a relación de compromisarios electos e os suplentes.

O secretario provincial elevará á Comisión Organizadora, con data límite o día 1 de xullo, unha relación certificada dos votos obtidos polos candidatos a presidir o PP da Provincia de Pontevedra e dos compromisarios electos e suplentes, que conterá o seu nome e apelidos, dirección, teléfono, correo electrónico e nº de DNI.

Artigo 17º Reclamacións

As mesas das asembleas resolverán os incidentes que xurdan no transcurso das votacións e do escrutinio dando conta por escrito á Comisión Organizadora das reclamacións efectuadas e das resolucións adoptadas.

Contra estas resolucións calquera afiliado interesado poderá elevar reclamación ante a Comisión Organizadora nun prazo de 24 horas desde a hora do inicio da asemblea, debendo resolver esta no prazo de 24 horas. As súas decisións serán inapelables.

Artigo 18º Substitución de compromisarios

No caso de imposibilidade de asistencia ao Congreso por parte dun compromisario electo, este deberá comunicalo á Comisión Organizadora antes do 6 de xullo de 2022, aos efectos da súa substitución polo seguinte candidato máis votado na respectiva lista aberta na que o compromisario estea incluído.

No caso de esgotarse a lista de suplentes ou de non existir o suficiente número de candidatos, a organización provincial poderá cubrir estas vacantes con persoas que figuren como suplentes noutras circunscricións electorais.

Artigo 19º Convites ao Congreso

Facúltase ao Presidente da Comisión Organizadora do Partido Popular da Provincia de Pontevedra para, en nome do Presidente do Comité Executivo Provincial de Pontevedra, realizar os convites que considere oportunos.

TÍTULO SEGUNDO

DA ELECCIÓN DOS ÓRGANOS DO PARTIDO

Capítulo I

DO PROCESO DE ELECCIÓN DO CANDIDATO A PRESIDENTE

Artigo 20º Presentación e proclamación de precandidatos

As persoas afiliadas que opten á presidencia do PP da Provincia de Pontevedra poderán

presentar a súa precandidatura ante a Comisión Organizadora do Congreso na sede provincial do PP de Pontevedra, desde o día 16 de xuño ata as 14:00 horas do día 20 de xuño.

Para ser proclamado precandidato á Presidencia do Partido Popular da Provincia de Pontevedra será necesario presentar o apoio de, polo menos, 75 afiliados que estean ao corrente de pago das súas cotas.

Así mesmo, os candidatos a presidente do PP da Provincia de Pontevedra ou a vogal do Comité Executivo deben estar ao corrente de pago das súas cotas. Para o caso dos candidatos a presidente do PP da Provincia de Pontevedra tamén será necesario levar afiliado ao partido un período mínimo de 12 meses.

Artigo 21º Campaña electoral

No caso de que se presentaran dúas ou máis candidaturas, a Comisión Organizadora proclamará aos precandidatos presentados o día 21 de xuño.

- a) A campaña electoral interna comezará o día 22 de xuño e finalizará ás 24 horas do 29 de xuño do presente ano.
- b) A finalización da campaña e a celebración das votacións non supón, en ningún caso, a imposibilidade por parte dos candidatos de seguir solicitando apoios, neste caso, entre os compromisarios.

Artigo 22º Proclamación do candidato único ou dos dous candidatos máis votados

Serán proclamados candidatos á presidencia do Partido Popular da Provincia de Pontevedra, para a súa elección polos compromisarios no Congreso, os dous precandidatos que obtivesen o maior número dos votos válidos emitidos polos afiliados.

Se algún dos precandidatos obtivese máis do 50% do total dos votos válidos emitidos polos afiliados, lograrse unha diferenza igual ou supe-

rior a 15 puntos sobre o resto de precandidatos e fose o máis votado na metade das circunscricións, será proclamado ante o Congreso como candidato único á Presidencia do Partido.

Capítulo II

DA ELECCIÓN DOS ÓRGANOS DE DIRECCIÓN

Artigo 23º Órganos sometidos ao procedemento de elección

O Congreso Provincial do Partido Popular elixirá ao Presidente e aos vogais do Comité Executivo Provincial de Pontevedra.

Artigo 24º Prazo de presentación de candidaturas

O prazo para a presentación das candidaturas aos órganos de dirección finalizará, iniciado o Congreso, na hora que fixe a Mesa.

Artigo 25º Requisitos das candidaturas

Nas listas só pode figurar como presidente quen obtivese, conforme ao sistema descrito no anterior capítulo, a condición de candidato.

Ningún compromisario poderá figurar en dous ou máis candidaturas.

Artigo 26º Exposición do candidato

O candidato ou candidatos á Presidencia do partido teñen dereito a unha exposición previa do seu programa, do seu plan de actuación e do equipo que lle acompaña para cubrir os órganos de dirección, correspondéndolle á Mesa limitar os tempos, así como fixar a orde de intervencións. Para iso, deberá considerarse o resultado da elección dos precandidatos, de maneira que os que obtivesen un maior número de votos terán prioridade para elixir a orde en que se realiza a súa intervención.

Artigo 27º Procedemento de votación

Para a votación a Comisión Organizadora do Congreso habilitará o número de urnas que considere conveniente.

As mesas electorais estarán formadas por un presidente e un secretario nomeados pola Comisión Organizadora do Congreso, á que se poderá incorporar un interventor por cada candidatura proclamada.

No momento da votación, os compromisarios acreditarán a súa condición acompañando a súa credencial co DNI ou documento oficial similar que acredite a súa personalidade.

Unha vez finalizada a votación, as mesas electorais farán os correspondentes escrutinios que serán remitidos á Mesa do Congreso quen anunciará os resultados e proclamará a candidatura que obtivese o maior número de votos.

TÍTULO TERCEIRO

CELEBRACIÓN DO CONGRESO

Artigo 28º Constitución do Congreso

A Comisión Organizadora declarará validamente constituído o Congreso na data e lugar da súa convocatoria, independentemente do número de compromisarios asistentes.

Artigo 29º Composición da Mesa do Congreso

O Pleno do Congreso Provincial do PP de Pontevedra estará presidido pola mesa, composta por un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario e dous vogais.

Todos os membros da Mesa deberán ostentar a condición de compromisarios.

Artigo 30º Elección da Mesa do Congreso

O acto inaugural do Pleno do Congreso será presidido pola Comisión Organizadora. Esta, a través do seu Presidente, propondrá ao Pleno

a composición da Mesa, que deberá ser ratificada por maioría simple. De non aceptarse a proposta, abrirase un prazo de trinta minutos, no que os compromisarios poderán presentar candidaturas completas para a Mesa, avaladas como mínimo polo 15% do total dos compromisarios, non podendo avalar cada compromisario máis dunha candidatura. Será elixida a candidatura que obteña máis votos.

Artigo 31º Aprobación do Regulamento do Congreso

Unha vez elixida a Mesa do Congreso, esta deberá anunciar o acordo de aprobación definitiva do presente Regulamento.

A Mesa dirixirá, impulsará, ordenará e moderará os debates, velando en todo momento pola boa marcha do Congreso. As súas decisións adoptaranse por maioría simple, tendo o presidente, en caso de empate, voto de calidade.

Correspóndelle á Mesa cumprir e facer cumprir o Regulamento do Congreso, interpretalo nos casos de dúbida e suplilo nos de omisión.

Artigo 32º Funcións do presidente do Congreso

Correspóndelle ao presidente, en nome da Mesa, abrir, dirixir, suspender e levantar a sesión; autorizar o uso da palabra e fixar, á vista das peticións de intervención, o número máximo de intervencións e a duración das mesmas. Ao mesmo tempo, antes de cada votación, exporá con claridade os termos da proposta ou propostas sometidas á mesma.

O presidente poderá chamar á orde e, no seu caso, retirar a palabra a quen nas súas intervencións alárguese excesivamente, desvíese do tema obxecto de debate, falte ao establecido neste Regulamento, profira expresións ofensivas ao decoro do Partido, dos seus membros ou de calquera outra institución, entidade ou persoa, ou que de calquera outra forma altere a orde ou obstaculice a boa marcha do Congreso.

Artigo 33º Funcións do vicepresidente do Congreso

O vicepresidente substituirá ao presidente e exercerá as súas funcións en caso de ausencia e terá as mesmas atribucións que aquel.

Artigo 34º Funcións do secretario do Congreso

Correspóndelle ao secretario da mesa a redacción da acta da sesión, recollendo na mesma o resumo das intervencións, as propostas presentadas, as votacións producidas indicando o número de votos emitidos, os favorables, os contrarios, os nulos e as abstencións, así como os resultados.

A acta será aprobada pola mesa e unha vez finalizado o Congreso será asinada polo Presidente e o Secretario.

Artigo 35º Adopción de acordos

O Congreso adoptará os seus acordos por maioría simple mediante votación a manalzada, salvo os referentes á elección dos órganos do partido que se acomodarán ao establecido nos Estatutos Nacionais, no Regulamento de Organización do PPdeG, o Regulamento Marco de Congresos e no presente Regulamento.

Artigo 36º Informe de xestión

O Pleno do Congreso, con independencia doutras facultades recollidas nos Estatutos Nacionais e o Regulamento de Organización, coñecerá o informe de xestión desde o último Congreso Provincial do PP de Pontevedra, que será presentado polo Secretario Xeral do Partido Popular da Provincia de Pontevedra ou persoa en quen delegue.

TÍTULO CUARTO

DAS IMPUGNACIONES

Artigo 37º Procedemento e órganos competentes

O procedemento para realizar as reclamacións será o seguinte:

- a) As impugnacións que afecten á elección de compromisarios, faranse nos termos expostos no artigo 17.
- b) O acordo de proclamación de candidatos poderá impugnarse por estes, por escrito, ante a Comisión Organizadora do Congreso que, nun prazo máximo de 24 horas, resolverá sobre a impugnación, especificando os motivos nos que fundamenta a súa decisión.
- c) As impugnacións daqueles acordos tomados durante a celebración do Congreso serán presentadas polos compromisarios ante a Mesa que resolverá no mesmo Congreso, incluíndo na acta as motivacións nas que se fundamente a súa resolución.

A resolución da Mesa será apelable ante o Comité de Dereitos e Garantías de Galicia, no prazo máximo de 24 horas despois da celebración do Congreso e deberá fundamentarse en infraccións estatutarias ou regulamentarias.

O Comité Nacional de Dereitos e Garantías resolverá, en segunda instancia, os recursos interpostos contra estas resolucións do Comité de Dereitos e Garantías de Galicia como consecuencia das impugnacións que se produzan no Congreso Provincial do PP de Pontevedra.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

En todo o non previsto neste Regulamento, será de aplicación o disposto nos vixentes Estatutos Nacionais do Partido Popular, no Regulamento de Organización do PPdeG, no Regulamento Marco de Congresos e o Regulamento de Funcionamento dos órganos do Partido Popular para a súa celebración en forma telemática ou mixta.